

III SEMINARIO SOBRE A MEMORIA

“A GUERRILLA E OS CAMPOS DE CONCENTRACIÓN”


Melide-Rianxo, 1, 2 e 3 de xuño de 2012

III SEMINARIO SOBRE A MEMORIA

Melide - Rianxo
1,2,3 de xuño 2012

A GUERRILLA E OS CAMPOS DE CONCENTRACIÓN





MEMORIA FINAL DA ACTIVIDADE

1. Xustificación.
2. Obxectivos.
3. Profesores e profesoras participantes.
4. Relatores.
5. Desenvolvemento da actividade.
6. Principais conclusións do Seminario.
7. Valoración global da actividade.

ANEXOS

- I. Acta de avaliación final.
- II. Convocatoria pública da actividade.
- III. Cuestionario de avaliación cumprimentado polos participantes.
- IV. Dossier fotográfico (escolma).
- V. Dossier de prensa (escolma).

**III SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“A GUERRILLA E OS CAMPOS DE CONCENTRACIÓN”**

Melide-Rianxo, 1, 2 e 3 de xuño de 2012

MEMORIA DA ACTIVIDADE

1. Xustificación da actividade.

A convocatoria do Seminario pretendía suxerirles aos asistentes unha reflexión sobre o fenómeno da guerrilla que posibilite un mellor coñecemento do noso pasado máis recente. Tal pretensión arelaba provocar tamén que a actualización dos coñecementos sobre os guerrilleiros contribúa, no alumnado indirectamente beneficiario da reflexión, á comprensión do presente e á adopción dunha actitude responsable e solidaria na defensa da liberdade, sen perder nunca a consciencia de cales son os dereitos e as obrigacións de cadaquén.

2. Os obxectivos da actividade.

O Seminario perseguía, en esencia, os obxectivos que se enumeran a seguir. O seu grao de cumprimento será analizado máis abaixo:

1. Identificar, analizar e explicar, situándoos no tempo e no espazo, os feitos, personaxes, problemas, etapas e procesos máis significativos dos campos de prisioneiros no Barbanza.
2. Distinguir e valorar os trazos permanentes dos procesos de transformación e cambio nos diferentes períodos, analizándoos desde a realidade dos nosos días.
3. Situar este proceso histórico no contexto do Estado.
4. Estudar e analizar diferentes aspectos básicos da evolución histórica de Galicia.
5. Contribuír ao desenvolvemento dunha sensibilidade comprometida, responsable e activa coa democracia e os dereitos humanos.
6. Contribuír á consolidación de actitudes e hábitos de tolerancia e solidariedade entre os diversos pobos do Estado.

3. Profesores e profesoras participantes na actividade.

Participaron na actividade un total de 33 profesores e profesoras. A maior parte dos participantes foron profesionais do ensino secundario público, do ámbito das Ciencias Sociais. Porén, tamén participaron algúns profesores e profesoras doutras disciplinas. Os asistentes procedían practicamente de todo Galicia.

4. Relatores/as participantes na actividade.

No desenvolvemento do Seminario participaron cinco relatores, responsables dos relatorios e das diferentes sesións de traballo de campo:

- **Xesús Costa Rodil.** Mestre e historiador.
- **Xesús Santos Suárez.** Mestre e historiador.
- **Francisco Martínez Lopez.** Ex-guerrilleiro e investigador da historia da guerrilla.
- **Xoaquín Yebra-Pimentel Rodríguez.** Profesor de ensino secundario e estudoso do fenómeno da guerrilla.
- **Carlos Cimadevila Álvarez.** Profesor Universitario e de ensino secundario, estudoso do fenómeno do movemento antifranquista.

5. O desenvolvemento da actividade.

Para procurar a consecución dos obxectivos a partir dos cales se concibía o Seminario, foron deseñadas unha serie de actividades que, respectando a súa sucesión cronolóxica, desenvolvéronse tal e como se sintetiza a seguir.

Día 1.

Despois da inauguración oficial, tivo lugar a proxección do documental “**A memoria nos tempos do volfram**” de Antonio Caeiro. Ao comezo da Segunda Guerra Mundial un mineral fíxose necesario para o estado alemán: o volframio. Galicia converteuse no *El Dorado* para moitas persoas que procuraban diñeiro fácil ou simplemente un traballo naqueles duros anos da posguerra española. Mineiros, aventureiros, guerrilleiros, gardas civís e presos políticos, conviviron nos montes galegos e entrecruzaron as súas vidas. O documental reflicte a súa historia contada polos propios protagonistas.

A proxección foi seguida por unha conferencia sobre a *A guerrilla e as minas de wolfram*, pronunciada polo profesor especialista Xoaquín Yebra-Pimentel Rodríguez e o ex-guerrilleiro Francisco Martínez, “Quico”, ofrecendo unha testemuña de primeira man que permitiu confrontar a visión da realidade que ofrece a película, e a realidade mesma.

Día 2.

A xornada do sábado, día 2, dedicouse integramente ao percorrido polos espazos onde existiron campos de concentración en Padrón, Lousame, Muros e Rianxo. Paralelamente ás visitas efectuadas, foron analizadas desde a perspectiva do estado actual da investigación, as circunstancias nas que se desenvolveu a estadia dos prisioneiros nos lugares referidos. Para iso contou coa intervención de dous historiadores do fenómeno na zona, **Xesús Costa** e **Xesús Santos**, e coa participación de **Francisco Martínez**, quen foi mineiro durante algúns anos. Interviñeron, igualmente, os especialistas **Carlos Cimadevila** e **Xaquín Yebra-Pimentel**.

Mención especial dentro deste percorrido merece a visita ás minas de San Finx, en Lousame, pois neste lugar foi iniciado un proceso de rehabilitación e de creación dun centro de interpretación que vai permitir, no futuro, unha máis profunda comprensión, tanto da historia desta explotación mineira como dos acontecementos que tiveron lugar alí durante os primeiros episodios da guerra civil. Na visita ás minas tiveron especial protagonismo tanto a **técnica local** que dirixe o proceso de posta en valor das minas como o propio **alcalde de Lousame**, que acompañou a expedición facilitando todo tipo de información durante a estadia nas instalacións.

A xornada rematou co percorrido en autobús dunha das rutas seguidas polos prisioneiros na zona.

Día 3.

Iniciouse esta última xornada do Seminario coa continuación do percorrido polos espazos ocupados polos campos de concentración, neste caso en Rianxo e baixo a dirección dos mesmos relatores da xornada anterior.

Posteriormente foi proxectado o documental *Aillados, a historia da Guerra Civil en Galicia*, de Antonio Caeiro. A historia do campo de concentración da Illa de San Simón durante os anos da Guerra Civil (1936/39), contada polos seus

protagonistas. Horas e horas de gravación en vídeo deron lugar a este documental no que se tentan reflectir a emoción e a traxedia daqueles anos. Un traballo de investigación deseñado cunha metodoloxía de historia oral, cos seus protagonistas reais.

A continuación desenvolveuse o relatorio *Os campos no Barbanza*, durante o cal os investigadores **Xesús Costa Rodil** e **Xesús Santos Suárez** intentaron sistematizar todas as experiencias vividas *in situ* polos asistentes no percorrido polos diferentes espazos visitados.

Pechouse o Seminario cunha asemblea de campo celebrada en Rianxo, durante a cal se intentou especialmente tirar conclusións didácticas que permitisen achegar todo aquilo que foi analizado en directo, no posterior traballo de aula. Unha síntese destas conclusións ofrécese a continuación.

6. Principais conclusións do Seminario.

Reprodúcese, a continuación, unha síntese das principais conclusións ás que os asistentes chegaron no momento da avaliación grupal da actividade.

1. Valórase a actividade como un interesante exercicio de análise e comprensión dun fenómeno histórico moitas veces descoñecido e, outras, declaradamente ignorado. Non se trata xa só de que fose analizado o fenómeno dos campos de concentración, senón que foi realizado un interesante exercicio humano de comprensión dunha realidade na que, en efecto, o verdadeiro protagonismo recae nas persoas.
2. Constátase a necesidade de que as institucións públicas recoñezan plenamente os feitos relacionados coa represión franquista, pois só desde o recoñecemento oficial é posible lograr a plena igualdade de todos os cidadáns. É evidente que, na actualidade tal recoñecemento non está, nin moito menos, conseguido.
3. A pesar de estar o Seminario principalmente centrado na guerrilla e nos campos de concentración na área xeográfica visitada, enténdese que o fenómeno da resistencia antifranquista debería contemplar tamén a resistencia pasiva ao réxime, que foi enormemente vigorosa e demorada no tempo. Particularmente, améntase o caso da loita contra os encoros (o de Castrelo de Miño, especialmente) ou contra a política forestal franquista.
4. Constátase que a memoria escondida só sae á luz a base de estímulos que a desaletarguen. Estes estímulos só poden chegar, especialmente, a través da creación de espazos de reflexión e análise desa realidade que está agachada. No transcurso do Seminario, por exemplo, unha persoa cuxa familia ten sufrido unha inhumana

represión durante anos, confesou que un dos seus xogos de nena consistía en *xogar ás torturas*, nin máis nin menos. Como se sabe, o xogo adoita reflectir en cada época a realidade do momento.

5. Unha vez contrastadas as virtualidades didácticas que o fenómeno da resistencia ao franquismo e, particularmente, os campos de concentración ofrecen para o traballo de aula, conséntase o escaso protagonismo que os deseños curriculares actuais lle reservan a esta cuestión. Enténdese que os programas deberían ser revisados neste sentido.
6. Semella evidente que o franquismo acabou con 150 anos de formación de cadros dirixentes (políticos, sindicais, económicos, educativos...). Este feito resulta aínda na actualidade unha eiva para o desenvolvemento da nosa sociedade e cómpre telo en conta de cara á toma de decisións especialmente no ámbito educativo.
7. Singularmente, conséntase que a política franquista, especialmente a educativa, fixo desaparecer a riqueza da linguaxe necesaria para desenvolver o espírito crítico, e esta realidade faise evidente se se observa a escasa consciencia amosada polas novas xeracións sobre o momento económico e social que se vive na actualidade. Durante a transición, e ata os nosos días, deuse tamén un certo proceso de autocensura que levou a agochar contidos desta complexidade, que esixen tamén un coñecemento do que o profesorado en moitas ocasións non dispón. Este coñecemento só nos últimos tempos, e derivado dos resultados de certas investigacións e publicacións, empeza a saír á luz. Intentar superar esta situación é, sen dúbida, un dos retos máis importantes que debe considerar o sistema educativo.
8. Desde a óptica estritamente educativa, igualmente, débúxase como unha liña de traballo interesante aquela que tratase de analizar a represión no ámbito educativo. Igualmente, semella atinado afondar na posibilidade de dar a coñecer experiencias didácticas levadas a cabo nas aulas para a recuperación da memoria histórica local. Desde esta perspectiva, incorporar a información directa recollida das familias do propio alumnado (testemuñas directas, fotografías, textos...) antóllase como unha estratexia didáctica con moitas posibilidades.
9. As asociacións e colectivos que se interesan pola recuperación da memoria histórica teñen centrada a súa atención especialmente en retos de ámbito xurídico (recoñecemento das vítimas, levantamentos de fosas comúns...). Derivar as súas liñas de acción tamén cara ao ámbito educativo sería fundamental, precisamente porque acabaría creándose un fío para que as novas xeracións tivesen acceso ao coñecemento duns feitos moitas veces agachados pola historiografía oficial.

10. Ponse en evidencia tamén, o interese que a recuperación da memoria histórica esperta fóra do Estado. No Seminario estiveron presentes, por exemplo, unha investigadora francesa e outra californiana.
11. O deseño do Seminario, combinando o traballo de campo coa análise de documentos audiovisuais e, finalmente, co saber teórico de especialistas nesta época histórica, valórase como moi intelixente, porque xustamente pretendeu integrar diferentes fontes de información e investigación sobre o tema.

7. Valoración global da actividade.

Os participantes no Seminario cumprimentaron un cuestionario de avaliación – que se ofrece como Anexo III á presente Memoria- a partir da análise do cal se trata de sintetizar a continuación a valoración global realizada.

1. Asistirías a outro Seminario destas características?

Si – 100%

Non – 0%

2. En conxunto, o Seminario respondeu ás expectativas que tiñas depositadas nel?

Moito – 70%

O agardado – 30%

3. Cal é a túa opinión sobre o título que se ofrecía no programa en cada unha das conferencias e saídas de campo, en relación co que foi realmente a súa realización práctica?

Moi boa – 50%

Boa – 50%

4. A calidade das intervencións dos relatores/as que interviñeron no Seminario considérala:

Moi boa – 90%

Regular – 10%

5. Cualifica de 1 (a cualificación máis negativa) a 5 (a máis positiva) cada unha das actividades desenvolvidas:

Documental: *A memoria nos tempos do volfram.*- 4,33 puntos

Conferencia inaugural e coloquio.- 4,78 puntos

Traballo de campo do sábado, 2 de xuño.- 4,50 puntos

Traballo de campo do domingo, 3 de xuño.- 4,50 puntos

Documental: *Aillados, a historia da guerra civil en Galicia*.- 5,00 puntos

Coloquio: os campos no Barbanza.- 4,50 puntos

6. Valora, xenericamente, o cumprimento dos obxectivos do Seminario:

Para a maioría dos asistentes os obxectivos foron acadados satisfactoriamente.

7. Valora, xenericamente, o cumprimento dos contidos do Seminario:

Maioritariamente a resposta foi tamén en sentido positivo.

8. A túa opinión sobre os materiais empregados no Seminario é:

Moi boa – 50%

Boa – 50%

9. As datas de celebración do Seminario parécenche:

Moi ben – 40,0%

Ben – 50,0 %

Regular – 10,0 %

10. Cal é a túa opinión sobre a relación horario teórico – horario real no desenvolvemento do Seminario?

Moi boa – 60,0%

Boa – 40,0%

11. O tempo destinado a cada unha das actividades, e en conxunto, paréceche:

Moi ben – 70%

Ben – 20%

12. Que opinión che merecen os lugares (interiores e exteriores) onde se desenvolveu o Seminario?

Moi boa – 90,0%

Boa – 10,0%

13. A túa opinión sobre a organización xeral do Seminario é:

Moi boa – 90,0%

Boa – 10,0%

14. Espazo reservado para que digas todo o que che quedou por dicir:

Algúns dos comentarios realizados foron os seguintes:

- Aprendín cousas que descoñecía (como a existencia de campos de concentración en Rianxo e Muros) sobre a Guerra Civil en Galicia.

- Coido que sería interesante difundir a existencia destas actividades entre os mozos/as (estudantes universitarios).
- Os contidos, o tema, as testemuñas moi atractivos e ben acaídos. Temas necesarios na formación de profesionais, normalmente esquecidos. Quizais faltou un pouco máis de conexión entre os temas presentados: guerrilla – minería -campos de concentración.
- Creo que os tres aspectos deberían terse relacionado máis. Moi enriquecedoras as contribucións persoais e a posibilidade de trabar relación en momentos e espazos con compañeiros e relatores.
- Proposta de tema para o IV Seminario: A represión no ensino.
- O desexo de que o Seminario continúe.

Desde a perspectiva da Comisión Organizadora, integrada por membros de *Nova Escola Galega* e por profesorado e persoal non docente do IES Melide e do IES “Félix Muriel” de Rianxo, o Seminario cumpriu sobradamente os obxectivos a partir dos cales foi convocado. Por unha parte, permitiu estudar *in situ* as condicións de vida dos guerrilleiros nos campos de concentración da zona visitada, e por outra comprobar que o recordo da guerrilla segue aínda vivo na memoria colectiva. En definitiva, o Seminario contribuíu a reflexionar sobre as posibilidades educativas que nos ofrece o medio próximo á escola.

Melide, 12 de xuño de 2012

Rúa San Clemente, 18. Baixo
15705 Santiago de Compostela

Tel./Fax: 981 562 577
www.nova-escola-galega.org
neg@mun-do-r.com